

Á Mesa da Comisión 4ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co servizo de comedor que se está a prestar no IES Aquis Querquernis de Bande, así como o establecemento dun único modelo de comedor escolar para todo o territorio (doc. núm. 41140).

Emenda de modificación

O punto 3 da parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

“3. Revisar o modelo de comedores escolares, de xeito que se acade unha cobertura suficiente e cos parámetros de calidade axeitados, implantando un modelo sostible e coa participación necesaria da Administración local.”

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/01/2019 10:33:46

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/01/2019 10:33:54



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada Marian García Míguez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego **10/PNC-003292 (40653)**, sobre a remisión polo Goberno galego ao Parlamento de Galicia dun informe do Consello Escolar de Galicia respecto da situación da coeducación e a prevención da violencia de xénero nos centros educativos da comunidade autónoma, segundo o establecido no artigo 22.3 da Lei 11/2017, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

Emenda de modificación

Débase substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“ O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a manter o cumprimento da Disposición Adicional Cuarta da Lei 11/2007, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero; ao tempo que encarga a recollida de información e estudo da situación da coeducación e a prevención da violencia de xénero nos centros educativos ao Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia, por ser o órgano de carácter consultivo e de apoio a toda a comunidade educativa, no que se refire á convivencia escolar e, polo tanto, en materia de igualdade.”

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Pedro Puy Fraga na data 16/01/2019 17:32:25

María Ángeles Garcia Míguez na data 16/01/2019 17:32:58



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada María Antón Vilasánchez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia **10/PNC-002564 (31612)**, sobre o ofrecemento polo Goberno galego ao Goberno central de toda a colaboración necesaria para o desenvolvemento do proxecto Ezkaba, en especial para localizar os familiares dos presos galegos no forte de San Cristóbal.

Emenda de modificación

Débase substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de Navarra para reiterarlle a súa solicitude de información de cara a valorar o establecemento de colaboración no proxecto Ezkaba, especialmente para localizar aos familiares dos presos galegos no Forte de San Cristóbal.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 16/01/2019 17:52:10

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2019 18:22:27
Nº Rexistro: 43879
Data envío: 16/01/2019 18:22:27.321**

Maria Antón Vilasánchez na data 16/01/2019 17:52:42

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-Z8CrTfyJv-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

